



Concello de Vigo
Expte. 5494/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 9/2026

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 19 DE XUÑO DE 2026

ORDE DO DÍA

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Aneiros Pereira, Jaime, concelleiro do grupo municipal Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e dous minutos (09:32) do día dezanove de xuño do ano dous mil vinte e seis (19/06/26), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en



Copia do documento - Concello de Vigo
5515-1101

Data impresión: 30/06/2026 10:12 Páxina 1 de 6
CSV: A4BHB2-4F8AB7-C82C2H-DSFGDB-4QPE65-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

ÚNICO (95).- DEBATE E VOTACIÓN DAS PROPOSTAS DE ACORDO». EXPTE. 5486/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 25 de maio, os concelleiros dos grupos políticos municipais do PP e do BNG desta Corporación Municipal solicitan a celebración dunha sesión extraordinaria, que di o que segue,

«SOLICITUDE DE PLENO EXTRAORDINARIO MOTIVACIÓN

A instrución xudicial sobre o accidente da atracción "El Saltamontes" acontecido na madrugada do 3 de agosto de 2024 nas festas de Matamá e que lle custou a vida a un veciño da cidade, concluíu de forma contundente. O auto xudicial sinala directamente á actual concelleira da Área de Seguridade, Festas, Contratación, Xestión Municipal, dona Patricia Rodríguez Calviño, como imputada por un presunto delito de homicidio imprudente e outro de lesións por imprudencia grave.

O tribunal sostén que existen indicios racionais de que a concelleira, no exercicio das súas competencias, omitiu o seu deber de ordenar o precinto da atracción, permitindo que operase sen as medidas necesarias para evitar o sinistro. E sinala que o goberno municipal non tería adoptado as medidas necesarias para exercer as súas competencias legais en materia de inspección e control, remarcando que a responsabilidade da dirección política do departamento de Seguridade, tras acordar o sobresemento parcial da causa para a comisión de festas, o funcionario Xefe de Servizo da Área de Seguridade e o Xefe da Policía Local.

A permanencia dunha persoa imputada por delitos tan graves a cargo da seguridade de Vigo é insostible e dana gravemente o prestixio desta institución.

Máis aínda, a decisión do alcalde, Abel Caballero, de mantela no seu cargo e non cesala de xeito inmediato, tal e como lle foi exixido dende os grupos da oposición, en asunción das súas responsabilidades políticas, así como a falta de explicacións públicas e o seu rexeitamento a constitución dunha comisión municipal de investigación, resultan de todo inaceptables.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 44 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, os concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, abaixo asinantes

SOLICITAN

ao alcalde-presidente do Concello de Vigo a CONVOCATORIA DUN PLENO EXTRAORDINARIO da corporación municipal de Vigo coa seguinte proposta de orde do día:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2026 10:12	Páxina 2 de 6
5515-1101	CSV: A4BHB2-4F8AB7-C82C2H-DSFGDB-4QPE65-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Un.- Comparecencia do alcalde-presidente do Concello de Vigo para informar sobre as actuacións municipais relacionadas co accidente mortal acontecido na atracción “El Saltamontes” nas festas de Matamá na madrugada do 3 de agosto de 2024, así como sobre as actuacións desenvolvidas polo goberno municipal tras as resolucións xudiciais coñecidas no procedemento.

Dous.- Debate e votación das propostas de acordo.

E coas seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

- 1.- Instar ao alcalde de Vigo a destituír a dona Patricia Rodríguez Calviño con carácter inmediato de todas as súas responsabilidades no goberno municipal.
- 2.- Constituír unha Comisión Especial de Investigación para depurar as responsabilidades políticas e administrativas que o goberno municipal intentou eludir ata a data, así como detectar as eivas nos procedementos e adoptar medidas que eviten que un suceso así poida volver a acontecer nunca máis.
- 3.- Expresar o pesar da Corporación Municipal polo falecemento de Iván Castaño e trasladarlle á familia as condolencias en nome de toda a cidade.

Para o punto UN da orde do día, relativo á comparecencia do alcalde-presidente, en ausencia dun articulado normativo que a regule expresamente e para garantir a maior eficacia da mesma propónse a súa ordenación da seguinte maneira:

- Intervención inicial do Alcalde-Presidente, en calidade de comparecente (5 minutos).
- Intervencións dos grupos municipais para a formulación de preguntas, interpelacións e consideracións (5 minutos por grupo).
- Réplica do Alcalde-Presidente, para atender as interpelacións recibidas (5 minutos).
- Réplica dos grupos municipais (5 minutos).
- Quenda final do comparecente (3 minutos).

En relación ao punto DOUS, tendo en conta que o Regulamento Orgánico do Pleno non prevé expresamente a asignación da quenda de intervención no caso de que a proposta de acordos obxecto do pleno extraordinario sexa subscrita por concelleiras e concelleiros de máis dun grupo municipal, solicítase que a quenda inicial sexa aberta polo Grupo Municipal do Partido Popular. Así mesmo, que se aplique o criterio xa empregado en situacións precedentes, de repartir ao 50% o tempo de intervención da quenda de réplica entre os dous grupos que subscriben a proposta, correspondendo a derradeira ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Para a concreción destes dous aspectos organizativos do propio desenvolvemento da sesión deberá ser consultada con carácter previo á mesma, como se prevé regulamentariamente, a Xunta de Portavoces.

<i>Polo Grupo Municipal do PP:</i>	<i>Polo Grupo Municipal do BNG:</i>
Luisa Sánchez Méndez (Pvoz.)	Xabier Pérez Igrexas (Pvoz.)
José Miguel Martín Peña	Ana Martínez Piñeiro
Fernando González Abeijón	Filipe Abalde Comesaña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2026 10:12	Páxina 3 de 6
5515-1101	CSV: A4BHB2-4F8AB7-C82C2H-DSFGDB-4QPE65-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Patricia García González	
Daniel Benavides Alonso	

»

O 27 de maio do 2026, a Secretaría do Pleno remitiulle aos grupos municipais do Partido Popular e BNG, dilixencia de requirimento de subsanación da solicitude citada.

O 30 de maio do 2026 (registro de entrada doc. 260135316) os voceiros dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG responden ao requirimento opoñéndose ao mesmo.

O 2 de xuño do 2026 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico en relación á convocatoria da sesión solicitada.

O 4 de xuño de 2026 (expte 5487/1101) a Xunta de Voceiros informa sobre a solicitude de Pleno extraordinario.

O 4 de xuño de 2026 (expte 5494/1101) a Alcaldía resolve a convocatoria de sesión extraordinaria para o día 19 de xuño de 2026.

O 10 de xuño o voceiro do grupo municipal do BNG, presenta no Rexistro electrónico do Pleno (doc. 260144701) recurso de reposición contra o Decreto da Alcaldía de data 4 de xuño (Expte. 5494/1101) da convocatoria.

O 11 de xuño de 2026 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico propoñendo a desestimación do recurso reposición presentado.

O 12 de xuño de 2026 a Alcaldía resolve a desestimación do recurso de reposición presentado, que é notificada na mesma data ao concelleiro recorrente.

Aos únicos efectos de concreción da parte dispositiva da proposta reproducése a mesma:

«Un.- Debate e votación das propostas de acordo.

1.- Instar ao alcalde de Vigo a destituír a dona Patricia Rodríguez Calviño con carácter inmediato de todas as súas responsabilidades no goberno municipal.

2.- Constituír unha Comisión Especial de Investigación para depurar as responsabilidades políticas e administrativas que o goberno municipal intentou eludir ata a data, así como detectar as eivas nos procedementos e adoptar medidas que eviten que un suceso así poida volver a acontecer nunca máis.

3.- Expresar o pesar da Corporación Municipal polo falecemento de Iván Castaño e trasladarlle á familia as condolencias en nome de toda a cidade.»

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

(*.-) Incidencia.- Sendo as 9:45 h. e despois da intervención do voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, os concelleiros dese grupo municipal abandonan a sala. Continúa a sesión co debate e votación do asunto incluído na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2026 10:12	Páxina 4 de 6
5515-1101	CSV: A4BHB2-4F8AB7-C82C2H-DSFGDB-4QPE65-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, solicita a votación por apartados.

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, non acepta a votación separada por puntos.

VOTACIÓN:

Votos a favor: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

Votos en contra: Dezaioito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia

Abstencións: Non houbo

ACORDO:

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular e dezaioito (18) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Desestimar as propostas de acordo, contidas na solicitude de pleno extraordinario dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG, de data 25.05.26 (Expte. 5486/1101),

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario 19 de xuño 2026
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Viernes, 19 de Junio de 2026 09:31:56
Fecha Fin : Viernes, 19 de Junio de 2026 09:54:29
Duración : 00:22:33

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3666

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 302 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/rtinLRTwut6gqBAmfZEGhzDcyakLCmsLS9Jn840ZzSYLCAKJ.wmv>
SHA512 - 047f09ff659510650b5ff7c8ebbf3be27974dd2ae260e51bddf5cf7ce8cd23409a41af8432c1f243b1c97e1d4aacd3b6fe9bb4164addb392ab77b937a337e535

- Media (PROXYS)

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2026 10:12	Páxina 5 de 6
5515-1101	CSV: A4BHB2-4F8AB7-C82C2H-DSFGDB-4QPE65-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

[1] Video H264, 480p, Stereo, 152 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/0PqJq9TSPme0KJr8L7Mg24jbYm9bMlaK4nnoTiAKZtK0JFhJ.mp4>

SHA512 - 4bdcdf837462b401aef258540a9c8013ea9c92084100986856500143c4bec5b831bb86b5103a92d0f45badaa1eb1220e6431f1a29120df403accb4274d16d769

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Silva Rego, Carmen; Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Maluel; Iglesias López, Patricia; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:00:53 : UNICO.- Debate e votación das propostas de acordo.

00:00:53 - Caballero Álvarez, Abel

00:02:25 - Sanchez Mendez, Luisa María

00:03:05 - Caballero Álvarez, Abel

00:03:24 - Sanchez Mendez, Luisa María

00:08:14 - Caballero Álvarez, Abel

00:08:20 - Pérez Iglesias, Xabier

00:13:12 - Caballero Álvarez, Abel

00:13:18 - -O Grupo Municipal do BNG abandona o pleno-

00:13:18 - López Font, Carlos

00:18:32 - Caballero Álvarez, Abel

00:18:40 - Sanchez Mendez, Luisa María

00:21:26 - Caballero Álvarez, Abel

00:21:46 - Caballero Álvarez, Abel

00:21:52 - Votación [9:53:48]

00:22:33 : [FIN]

-- 0 --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos (09:55) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 2/2026, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2026.
am.

A PRESIDENCIA
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 30/06/2026 10:12

Páxina 6 de 6

5515-1101

CSV: A4BHB2-4F8AB7-C82C2H-DSFGDB-4QPE65-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>